

CEIP AGRO DO MUÍÑO

Proxecto Fomento Uso Galego

CURSO 2018- 2019

MIU NOME

remata en





1. CONTEXTUALIZACIÓN	2
2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO ACTUALIZADO:	3
a) CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO	3
b) SITUACION DO PROFESORADO.....	3
c) SITUACIÓN DO ALUMNADO	4
d) SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO	4
e) ANÁLISE DA SITUACIÓN DO USO DO IDIOMA NO CENTRO:.....	4
3. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS ADECUADOS A CADA UN DOS PUNTOS ANTERIORES	5
a) CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO	5
b) ÁMBITO DO PROFESORADO	6
c) ÁMBITO DO ALUMNADO	6
d) ÁMBITO LINGÜÍSTICO DO CENTRO	7
4. DESCRICIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS.....	7
1º TRIMESTRE	8
2º TRIMESTRE	9
3º TRIMESTRE	12
5. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES.....	14



1. CONTEXTUALIZACIÓN

O colexio de Educación Infantil e Primaria Agro do Muíño está situado no lugar das Cortes, na parroquia de Ortoño, pertencente ao concello de Ames. Acolle a un total de 493 alumnos e alumnas. Comezou a funcionar no curso 2007-2008. O alumnado, maioritariamente, é castelán falante. Tratamos de levar a cabo unha concienciación da validez da nosa lingua a través do seu uso en proxectos anuais.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está composto polos seguintes membros:

- Portal Fernández López- Educación Infantil
- Mercedes Moure Beiroa.- Educación Infantil
- Ana Mirás Jorge.- Ed. Infantil
- M^a Carmen Palacios García.-2º A de Ed. Primaria
- Dolores González Marquina.- 2º C de Ed. Primaria
- Silvia Vázquez de la Iglesia.- 3º C Ed. Primaria
- M^a Dolores Carracedo Durán.- Especialista de inglés.

(Coordinadora)

As reunións do Equipo teñen lugar os primeiros luns de cada mes de xeito sistemático, e ocasionalmente cando se considere necesario.

Debemos salientar que, ademais dos membros do equipo, toda a comunidade educativa colabora no proxecto que propoñemos.

Tamén temos unha colaboración moi estreita entre todos os centros educativos do Concello e co SNL, co cal temos reunións regulares para unha mellor coordinación.

Ao longo de todo este curso desenvolverase un novo proxecto multidisciplinar. Dende o Equipo da Biblioteca púxose en marcha co título

“Entre contos anda o conto”

Ademais do proxecto de Voz Natura, coordinado con este.

“Unha ollada ao monte dende o Agro”

A partir de aquí o EDLG púso tamén un lema ao proxecto deste ano:

Unha muiñada de contos””



O resto dos equipos aceptamos traballar no mesmo eido. Este proxecto servirá como centro das distintas actividades que se leven a cabo por parte do profesorado, ben a nivel de aula, ben nos equipos de nivel ou nos equipos de traballo. Será o núcleo sobre o que xirarán as distintas actividades e propostas escolares deste curso 2018-2019.

Tamén continuamos cos proxectos de **carácter Plurianual**, Edixgal e o “Programa de Estimulación de linguaxe Oral” (P.e.l.o.)

2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO ACTUALIZADO:

a) CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

O CEIP de Agro do Muíño pertence a Ames. Neste concello, xunto con diferentes parroquias de carácter rural, existen dous núcleos poboacionais principais con características semiurbanas, un dos cales é Bertamiráns. O colexio Agro do Muíño atende a un sector de poboación ubicado na zona de Bertamiráns e nos lugares de Framil, Costoia, Bugallido, Tarrío, Firmistáns, Sisalde, Eirapedriña e Lapido.

Santiago é o referente principal de toda a zona, no que se refire a servizos administrativos e no ámbito económico. Con todo, Bertamiráns é unha vila que ten identidade propia, con recursos en ámbitos coma o lecer, asociacionismo etc..., á vez que actúa como referente administrativo e económico para as aldeas limítrofes.

Nos últimos anos tense producido un importante incremento da poboación.

Lingüísticamente, podemos dicir que se trata dunha zona de bilingüismo. Por outro lado, a actividade económica preponderante está baseada nos sectores de servizos, incluíndo o funcionariado, e xa moi pouco no agrícola.

b) SITUACION DO PROFESORADO

En relación ao profesorado, aínda que non para todos sexa o galego a lingua habitual na que se expresa, no contexto educativo, ningún dos mestres amosa dificultade algunha á hora de utilizar a lingua galega na docencia ou noutras actividades escolares.

A súa actitude cara o uso do galego é positiva en canto que colaboran nas actividades que se levan a cabo.



c) SITUACIÓN DO ALUMNADO

No noso alumnado observase unha diferenza no uso da lingua segundo a súa procedencia:

- Os que proceden do rural e que as familias xa estaban instaladas na zona, usan maioritariamente o galego.
- Os fillos das familias que veñen de instalarse en novas urbanizacións, os procedentes de Sudamérica e doutros países europeos usan predominantemente o castelán.

Podemos concluír dicindo que aínda que é unha zona de bilingüismo a presenza de nova poboación foránea desgaleguiza fortemente esta realidade. Cada vez máis, vemos aumentar a poboación castelán falante no noso centro. Puntualmente recibimos alumnado de procedencia estranxeira. O centro dispón dun programa de atención a este alumnado.

d) SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

A Lingua Galega é a lingua oficial do centro, e polo tanto, todas as actuacións administrativas e educativas son en galego (documentación administrativa, programacións, carteis, avisos, correspondencia...)

A presenza do galego na vida do centro é continua, tratando de crear un clima estimulante de cara a utilización da lingua galega.

e) ANÁLISE DA SITUACIÓN DO USO DO IDIOMA NO CENTRO:

Acabamos de facer en colaboración coa Real Academia Galega e o Concello de Ames un estudo sociolingüístico do centro. É un estudo pioneiro neste ámbito. Houbo gran participación por parte de toda a Comunidade Educativa. Del extráense varias conclusións e datos moi interesantes que debemos ter en conta á hora de planificar o noso Proxecto Lingüístico de Centro:

- Sete de cada dez nenos/as proveñen de familias onde a lingua de transmisión é o castelán.
- As familias teñen un perfil de “mantedoras do castelán” e aquelas familias que reproducen o galego redúcense a dúas de cada dez.
- Rómpeuse o proceso de transmisión lingüística interxeracional entre avós e netos en dúas de cada dez familias.



- O idioma vaise perdendo segundo van pasando as xeracións a favor do castelán.
- Hai unha muda lingüística xa na etapa de infantil e incluso comeza na gardería.
- Un 35,9% das familias que tiñan fillos/as galego falantes indicaron que o seu fillos e fillas comezaron a falar máis castelán cando comezaron a escolarización.
- O 70% dos nenos e nenas de Agro do Muíño son castelán falantes habituais.
- O alumnado mellora a capacidade para falar e escribir a medida que vai superando os ciclos de Primaria.
- Existe unha predisposición lingüística actitudinal positiva cara ao galego.
- A lingua habitual dos nenos/as da etapa de infantil está especialmente relacionada coa lingua que utilizaron os pais para dirixirse a eles tendo máis influencia a nai.
- No profesorado, o uso habitual do galego dentro do centro é do 70%.

3. DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS ADECUADOS A CADA UN DOS PUNTOS ANTERIORES

O obxectivo xeral deste equipo é lograr que o Centro lle garante unha boa competencia lingüística en galego a todo o alumnado, e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio social no que se atopan o galego e o castelán.

A continuación expóñense os obxectivos máis concretos.

a) CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

- 1.- Coordinar a programación de actividades co Servizo de Normalización Lingüística do Concello.
- 2.- Colaborar con outros centros educativos do concello e organismos en prol da Lingua Galega.
- 3.- Solicitar da Administración Educativa liñas de axuda para a promoción do galego.
- 4.- Promover a interacción entre a escola e a súa contorna para facer máis rendibles os recursos.



b) ÁMBITO DO PROFESORADO

- 5.- Concienciar ao profesorado para que trate de descubrir e eliminar no alumnado calquera tipo de prexuízo lingüístico.
- 6.- Implicar a todo o profesorado do centro no proceso de normalización e dinamización lingüística.
- 7.- Facilitar ao profesorado os recursos e a información que demande.
- 8.- Colaborar con outros grupos docentes do centro (Comisión de Coordinación Pedagóxica, Actividades Complementarias...) co fin de que se teña en conta a Cultura e a Lingua Galega para levar a cabo actividades colectivas, así como para recoller todo tipo de propostas e iniciativas tanto a nivel individual como procedentes dos distintos grupos.
- 9.- Dar prioridade no ensino do galego á expresión, reforzando a súa dimensión comunicativa e dándolle maior importancia á oralidade.
- 10.- Tentar integrar a planificación lingüística do centro en todos aqueles proxectos e plans que os diferentes equipos docentes desenvolvan: proxecto lector, plan das Tics, proxectos a desenvolver a nivel centro.
- 11.- Colaborar cos Equipos de Dinamización da Lingua Galega doutros centros ou institucións para compartir materiais, experiencias e actividades.

c) ÁMBITO DO ALUMNADO

- 12.- Crear no alumnado actitudes positivas cara a propia lingua, desterrando calquera tipo de prexuízo lingüístico que poida traer do seu entorno familiar ou social.
- 13.- Promover o uso do galego entre alumnos e alumnas, dos alumnos cos profesores/as nos recreos, nas actividades extraescolares.
- 14.- Fomentar e facilitar a lectura de libros en galego a través da biblioteca de aula e da biblioteca do centro.
- 15.- Incentivar á composición escrita en lingua galega a través dos contos, cómics, redaccións...que logo se seleccionarán para publicar na revista do colexio.
- 16.- Estimular a busca de información por distintas canles (biblioteca, avós, pais, internet...) de aspectos relacionados coa Cultura, Historia e Etnografía do pobo galego, para promover o coñecemento da realidade galega.



17.- Fomentar a participación do alumnado e do profesorado de cara á elaboración da revista escolar anual.

18.- Garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe.

d) ÁMBITO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

19.- Fomentar e impulsar o uso oral e escrito do galego en todas as actividades do centro.

20.- Traballar na normalización do galego na vida diaria do centro por parte de toda a comunidade educativa.

21.- Asesorar á comunidade educativa para mellorar a súa competencia lingüística en galego.

22.- Colaborar co Equipo da Biblioteca, de Actividades Extraescolares e Complementarias na preparación e no desenvolvemento do proxecto do centro, das festas tradicionais, na realización de exposicións, xogos,... para dar a coñecer aspectos propios da nosa cultura e tradicións como son: O Samaín, Entroido,... e outras actividades do centro.

23.- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.

24.- Usar as novas tecnoloxías como instrumento para a comunicación e a difusión das actividades en prol da Lingua Galega.

4. DESCRIPCIÓN DETALLADA DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA CADA UN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

Novo proxecto documental integrado:

“Entre contos anda o conto”

parte do Equipo da Biblioteca Escolar, xunto co proxecto de Voz Natura:

“Unha ollada ao monte dende o Agro”

O EDLG puxo tamén lema ao proxecto:

“Unha muiñada de contos”

Dende o EDLG organizaremos actividades en relación co proxecto multidisciplinar xunto co equipo da biblioteca, das Tics e actividades extraescolares e complementarias.



Inicialmente temos previsto as seguintes actividades para cada un dos obxectivos propostos. É posible que haxa modificacións ao longo do curso, si fora así quedará reflectido na memoria de este proxecto.

1º TRIMESTRE

- **Elaboración de carteis** relacionados co proxecto para decorar a entrada do centro.
- **Exposición de libros**, para unha primeira toma de contacto co proxecto.
- **Xuntanza do SNL do concello cos EDLG** dos centros do concello de Ames, co fin de organizar as actividades de todo o curso.

Data: 4 outubro

- **Concurso de Adiviñas**

Cada coordinador de ciclo puxo na cortiza de entrada do colexio unha adiviña durante 2 semanas, e o alumnado que quixo participar introduciu a solución nunha caixa habilitada para este concurso.

Ed. Infantil (Do 1 ao 15 outubro)

Ed. Primaria 1ºe 2º nivel (Do 16 ao 31 de outubro)

Ed. Primaria 3º e 4º nivel (Do 1 ao 15 de novembro)

Ed. Primaria 5º e 6º nivel (Do 15 ao 30 de novembro)

- **Carreiras de orientación, sobre contos tradicionais no paseo fluvial de Bertamiráns.**

Alumnado 5º e 6º. Data:24 outubro

- **Función de Maxia a cargo do Concello. Pedro Bugarín**

Todo o alumnado . Data: 26 outubro

- **Celebración do Samaín (31 outubro)**

Os alumnos trouxeron cabazas coa temática dos contos, da casa e expuxéronse por todo o colexio. Pola tarde fíxose unha celebración de portas abertas xunto coa ANPA.

- **Fundación Bocalán. Terapia aplicada a nenos utilizando cans.**

Alumnado: 3º Ed. Primaria. Data: 9 novembro. Lugar: Centro

- **Celebración do Magosto (12 novembro)**



Colaboramos coa comisión de actividades complementarias nesta celebración.

Todo o colexio participou degustando castañas. Leváronse a cabo dous obradoiros, un de contacontos e outro de xogos. Participou todo o alumnado.

- **Cinema Crianza** (Festival Internacional de Cine Infantil) A cargo do concello.

Alumnado: 5 anos e 5º e 6º Data: 15 novembro

- **Concurso de Postais de Nadal.**

A actividade consistiu na elaboración de postais e mensaxes de Nadal. Seleccionáronse unha postal por ciclo e utilizáronse para felicitar as pascuas ás familias do centro e os organismos do concello.

Tamén colabora a ANPA aportando os premios e axudando na elección das postais gañadoras.

Este curso decidiuse facelo en formato electrónico

- **Concurso de Cartas aos Reis Magos.**

Actividade organizada polo SNL do concello e dirixida aos alumnos de Ed. Infantil, 1º,2º,3ºe 4º de Ed. Primaria. Os premios foron entregados polos Reis o día da Cabalgata.

- **Actividade no centro de día de Bertamiráns**

O alumnado de 5 anos A escenificará unha adaptación de Carapuchiña vermella para os maiores. Data: 19 decembro

2º TRIMESTRE

- **Concurso “ Xogamos coas palabras no Agro do Muíño “**

Queremos aumentar o vocabulario en galego do noso alumnado polo que empezamos unha nova actividade:

Cada semana aparecerán na cortiza do EDLG tres definicións e os alumnos terán que adiviñar de que palabras se tratan. Así que o fagan os seus titores traballarán con elas durante toda a semana e así sucesivamente ata que se termine o abecedario e se faga o seguinte.

Comezamos con este:

A.- Aloumiño B.- Bágoas C.- Cóxegas D.- Decotío E.- Enxebre F.- Folerpa G.- Galopín H.- Harmónica I.- Isca L.- Lóstrego M.-Meigallo N.- Nocello Ñ.- Carantoña O.- Olleiras P.- Pedrazo Q.- Quincalla R.- Reirrei S.- Serán T.- Tixola U.- Ulir V.- Vacaloura X.- Xato Z.- Zoco



Exemplo da primeira semana:

- 1.- Utensilio de cociña, metálico, de forma redonda, pouco fondo e mango largo no que se friten os alimentos.
- 2.- Que comete pequenos enganos ou fraudes co habilidade e sen malicia.
- 3.- Acción máxica que provoca algún acontecemento ou certos efectos nunha persoa, nun animal, etc, polo xeral negativos.

Cando levemos feitos dous abecedarios, cada titor fará co seu alumnado un concurso pasapalabra.

- **Bolechas** (Actividade sobre sostenibilidade e enerxía)

Alumnado: 3º Primaria

Data: 17 de xaneiro

- **Charla da Garda Civil sobre Acoso Escolar.**

Alumnado de 5º e 6º primaria

Data: 18 de xaneiro

- **Xuntanza do SNL do Concello cos EDLG dos centros.**

Para concretar as actividades do 2º e 3º trimestres

Data: 24 de xaneiro

- **Visita á Coruña (Domus, Aquarium e Casa das Ciencias)**

Alumnado de 3º primaria

Data: 28 de xaneiro

- **Carreira Solidaria pola Paz “Móvome pola paz”**

O alumnado de 6º dos centros de todo o Concello reuniranse no CEIP de Barouta para coñecérense e participar na carreira aportando un kilo de axuda para o banco de alimentos do Concello para as familias máis desfavorecidas.

Alumnado de 6º primaria Data: 30 de xaneiro

- **Celebración do día da Paz**

O 31 de xaneiro faremos varias actividades sobre a Paz en colaboración co equipo da biblioteca e co de extraescolares. Un pequeno festival onde verán un vídeo sobre o tema, actividades e coreografías preparadas para ese día. Tamén cantarán as cancións sobre a Paz.

Mural sobre o tema coa participación de todo o alumnado.

- **Visita ao Museo de Historia Natural en Santiago**

Alumnado de 4º primaria

Data: 8 de febreiro

- **Teatro musical “A fiestra dos soños”**

O grupo Trotaventos, contratado polo concello faranos unha representación.

Alumnado de 1º primaria

Data: 8 de febreiro

- **Taller de discapacidade**



Alumnado de 1º de Ed. Primaria. Lugar: Centro

Data: 18 febreiro

- **Día de Rosalía de Castro.**

Data: 24 de febreiro.

O concello fará un acto de Homenaxe a Rosalía e cada centro fará unha achega para ese acto. O noso cole aportará:

- Un poema de Luís Pimentel “*Outra vez Rosalía*”, cantado e acompañado cun violín por dúas rapazas de 6º.
- Outras dúas alumnas de 6º recitarán: “*Quíxenche tanto, meniñá*”

- **Celebración do Entroido**

Data: 1 de marzo.

Este curso o alumnado disfrazarase coa temática dos contos:

Infantil:

3 anos: *Conto de Cocorico* (gatos ou polos)

4 anos: *Tres porquiños*

5 anos: *A carapuchiña vermella* (carapuchiñas e lobos)

1º: Soldadiños de chumbo

2º: Monstros de cores

3º: Ratos e ratas

4º: Piratas

5º: Dálmatas

6º: O rei león

Faremos un Meco cun mandado para cada día.

Colaboraremos coa comisión de actividades complementarias nesta celebración: degustación de lambetadas propias do Entroido.

- **Visita á Xunta de Galicia e ao Parlamento.**

Alumnado de 5º.

Data: 13 marzo

- **Teatro Xestual “Patapatúm”.**

A compañía de teatro Elefante Elegante, contratada polo concello, fará unha representación desta obra. “Patapatúm” propón unha reflexión sobre a presenza dos bens materiais nas relacións entre pais e fillos

Alumnado de 2º de primaria.

Data: 29 marzo

- **Celebraremos as seguintes conmemoracións:**

1. Semana da prensa (marzo)
2. Día da poesía e día da árbore (21 de marzo)
3. Día da auga (22 de marzo)



4. Mes do libro (abril)

3º TRIMESTRE

- **Recompilación de información sobre todo o traballado. Exposición de todo o material recollido.**

- **Xuntanza do SNL do concello cos EDLG dos centros do concello de Ames co fin de concretar a temática do Certame.**

- **Certame Artístico Literario Intercentros, Concello de Ames**

No mes de maio, co gallo da celebración das Letras Galegas o SNL do Concello de Ames convoca este certame literario para promocionar entre o alumnado o uso do galego asociándoo a valores positivos tales como o respecto, a tolerancia,... Dirixido ao alumnado de 2º e 3º ciclo de Ed. Primaria.

- **Celebración das Letras Galegas**

Farase unha semana cultural, cada día unha actividade.

“Contar un conto” O alumnado de 5º e 6º en colaboración co equipo da biblioteca contaránlle un conto os alumnos de e.infantil.

Traballar a unidade didáctica que se envía ós centros pola Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre Antón Fraguas (autor homenaxeado no ano 2019).

Actuación de contacontos, títeres ou actuacións musicais en función do presuposto concedido mediante esta solicitude.

Representación teatral (sen determinar)

O SNL do concello xunto cos EDLG dos centros decidiu facer unha actividade de sementar lousas, consiste en escribir poemas en galego sobre pezas de lousa. A cada centro asinaráselle unha zona onde colocalos. O concello correrá co gasto do material.

Asemade, tamén se fará esta actividade no centro, o 21 de marzo unindo o día da poesía e o día do libro. Xunto con *Voz Natura* faremos un novo xardinciño no que se colocarán os poemas.

- **- Visita ao IES de Ames.**

Alumnado de 6º Ed. Primaria

Data: Sen determinar

- **Saídas de Fin de curso**

Data: Sen determinar

- **Elaboración e edición da revista escolar** en versión dixital ou impresa segundo o presuposto. Intercambio de revistas cos outros centros do concello.



A revista ten a pretensión de expor as vivencias e actividades (saídas, festivais, celebracións...) dos verdadeiros protagonistas do centro: os/as alumnos/as.

- **Festival de Fin de Curso**
- - **Colaboración no Proxecto lector do centro.**
- - **Colaboración nas publicacións dos edublogs do centro:**
Dinamización TIC e Equipo da biblioteca.
- - **Colaboración na páxina web do centro.**
Dinamización do edublog do EDLG

Ortoño, a 1 de febreiro de 2019

Coordinadora de DLG

Vº e Prace
A Directora

Asdo: Mª Dolores Carracedo Durán

Asdo: M. Carmen Liñares Liñares



5. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES.

TEMPORALIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE	RESPONSABLE/S DEPARTAMENTO O QUE PERTENCE	DESTINATARIOS	ORZAMENTO	MATERIAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVID.
1º Trimestre	Elaboración carteis	EDLG	Toda a Com. Educativa	-	-
1º Trimestre	Concurso de Adiviñas	EDLG	Todos	-	-
1º Trimestre	Carreiras de Orientación	E.Física	E. Pr. 5º e 6º	-	-
1º Trimestre	Festival Maxia	EDLG e Concello	Todo o alumnado	-	-
1º Trimestre	Celebración do Samaín e Magosto	EDLG/Bibliot./ Act.Complement.	Comunidade educativa	-	-
1º trimestre	Fund. Bocalán	Edlg/ orientación	3º E.P.	-	-
1º trimestre	Cinema Crianza	EDLG e Concello	5 anos, 5º e 6º Ed. Pr	-	-
1º Trimestre	Concurso Postais do Nadal	EDLG	Comunidade educativa	-	-
1º Trimestre	Concurso: Cartas aos Reis Magos	SNL e EDLG	1º, 2º, 3º e 4º	-	-
1º Trimestre	Representación "A carapuchiña vermella"	Titora 5 anos A e EDLG	Centro de día de 3ª idade	-	-
2º trimestre	Conc.Xogando coas palabras	EDLG	Todos	100 €	Pap. e repr.
2º trimestre	Bolechas Sostenibilidade e enerxía	EDLG/Titoras	3º E.P.	-	-
2º trimestre	Charla Garda Civil Acoso Escolar	EDLG/Dpto Orientación	5º e 6º Ed. Pr	-	-
2º trimestre	Visita a Coruña	EDLG/Titoras	3º Ed. Prim.	A cargo alumnado	Transporte.
2º trimestre	Carreira solidaria	EDLG/Titoras	6º E.P.	-	-
2º trimestre	Celebración do día da Paz	Edlg/ Bibl./ E.Act. Compl.	Todos	100 €	Papelería Reprografía
2º trimestre	Museo Hª Natural	EDLG/ Titoras	4º Ed. Pr.	Alumnado	Transporte
2º trimestre	Teatro musical	EDLG e Concello	1º E.P.	Concello	-
2º trimestre	Taller de discapacidade	EDLG/Orientación	1º E.P.	-	-
2º trimestre	Día de Rosalía de Castro	EDLG/ SNL/ Bibl.	Todos	0 €	Varios



TEMPORALIZACIÓN	TÍTULO DA ACTIVIDADE	RESPONSABLE/S DEPARTAMENTO O QUE PERTENCE	DESTINATARIOS	ORZAMENTO	MATERIAL PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVID.
2º trimestre	Celebración do Entroido	EDLG/E. Bibl./ E.Act. Compl	Todos	100 €	Papelería Reprografía
2º Trimestre	Visita ao Parlamento	EDLG	5º E.P.	-	-
2º Trimestre	Teatro xestual	EDLG e Concello	2º E.P.	Concello	-
2º trimestre	Act. relacionadas co proxecto	EDLG/ Voz Natura/ Biblioteca	Todos	A cargo do centro	Varios
2º trimestre	Celebración de Conmemoracións	EDLG/E. Bibl./ E.Act. Compl	Todos	100 €	Papelería Reprografía
3º trimestre	Certame Artístico Literario, Concello	EDLG e SNL	3º,4º, 5º e 6º	0 €	Varios
3º trimestre	Letras Galegas: Semana cultural	EDLG/SNL Biblioteca	Comunidade educativa	300€	Papelería Reprografía
3º trimestre	IES de Ames	EDLG/ centro	6º Ed. Pr.	-	-
3º trimestre	Saídas Fin Curso	EDLG	Todos	Alumnado	Transporte
3º trimestre	Elaboración da revista escolar	EDLG	Comunidade educativa	800 €	Papelería Reprografía
Ao longo de todo o curso	Colaboración na Web e nos blogs	EDLG Bibl. E. act. complementarias	Comunidade educativa	0€	-
3º trimestre	Festival fin de curso	EDLG / E. act. Complem.	Comunidade educativa	0 €	Varios
Ao longo de todo o curso	Dinamización do blog do EDLG	EDLG	Comunidade educativa	0 €	-
Ao longo do curso	Colaboración co proxecto lector do	Equipo da Biblioteca e EDLG	Comunidade educativa	A cargo do centro	Papelería Reprografía

A directora:

Asdo: M. Carmen Liñares Liñares